III ENCONTRO EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

PROGRAMA

GALICIA-97

O GROVE 3-4-5-6 XULLO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

Gran Hotel La Toja

* * * * *

Pabellón de Congresos y Exposiciones
Casino de La Toja
Balneario Club
Boite-Discoteca
Piscinas
Pistas de Tenis
Pistas de Padel
Golf (9 hoyos)
Campos de Tiro
Parque Infantil
"Próxima apertura del nuevo
Club Termal con Piscina Cubierta Climatizada"

Centro de Interés Turístico Nacional
36991 La Toja - (Pontevedra) - España
Teléfono: Gran Hotel (986) 73 00 25
Dirección Telegráfica: Granotel - Télex 88042 Toxa E - Fax (986) 73 12 01

Programa dos
III ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS GALICIA 97

Durante estas xornadas celebrarase unha mostra gastronómica "Comer do mar" en colaboración cos establecementos de hostelería. Con motivo do que se facilitará unha guía na que figuran os menús, prezos e establecementos colaboradores, coa intencionalidade de potencia-los productos do mar e a cociña local.

XOVES, DÍA 3

Recalada das embarcacións e acollida das tripulacións,

19:00h Inauguración dos Encontros, apertura da Mostra.

20:00h Concerto da banda de música de Salceda de Caselas, na praza do Corgo.
Inicio do ciclo de conferencias "Patrimonio cultural e medio ambiente", organizado polo Museo do Pobo Galego.

23:00h Cine na rúa. Proxección do filme "o Herexe"

VENRES, DÍA 4

10:00h Apertura do recinto da Mostra. Permanecerá aberto ata as 22:00h.

11:00h Visita ás embarcacións, nos horarios sinalados para tal efecto, o público poderá visita--las embarcacións, sempre guiados por membros das mesmas.
Pasarrúas e animación nas rúas, levadas a cabo por grupos de gaitas e teatrais.
Talleres para rapazas e rapaces para conseguir un achegamento á cultura marítima e medio ambiente. Talleres de cordelería, redería e construcción de nasas e recortables. Idades comprendidas entre 8 e 12 anos. Tódolos días.
Aula didáctica A VIDA NO LITORAL, a cargo do Centro de Interpretación da Siradella de O Grove, dependente do Servicio de Medio Ambiente Natural de Pontevedra, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para idades comprendidas entre 10 e 12 anos, en número non superior a 30. Do recinto de exposicións sairá un autobús para face-lo percorrido. Inscripcións na Oficina de Información Xuvenil, Concello de O Grove, tfno 730975, ou ben na Oficina de Información, no recinto da mostra tódolos días dos Encontros. A duración destes talleres será de dúas horas e media.

13:00h Exaltación e venda de pratos tradicionais mariñeiros, no recinto da mostra.

15:00h Botadura do "Racú", embarcación tradicional recuperada pola Asociación de Amigos da Dorna Meca.

16:00h Saída ó mar das embarcacións.

18:00h Demostración de artes e oficios relacionados co marredería, cordelería, carenado, encascado, etc.

19:00h Actuación do humorista "Xan das Canicas"

19:30h Visita ás embarcacións e presentación da revista "III Encontro de Embarcacións Tradicionais Galicia 97".

20:00h Conferencia.

22:00h Cea - recepción ás tripulacións

23:00h Cine na rúa. Proxección do filme "Mar aberto"

00:30h Actuación dos grupos folk "Baila na Criba" e "Papaqueixos"

02:00h Actuación do grupo local "Mary´s Green Jungle"

Durante estas xornadas realizaránse competicións de tiro de corda, cucañas, etc. entre as tripulacións participantes.

SABADO, DÍA 5

10:00h	Apertura do recinto. Alboradas e pasarrúas a cargo de grupo de danzas da Asociación Cultural e Xuvenil Cantodorxo.
11:00h	Talleres para rapaces e rapazas. Visita ás embarcacións. Demostración de oficios artesanais relacionados co mar.
12:00h	Conferencias.
12:30h	Actuación da coral Boca da Ría de S. Vicente de O Grove, e da coral Polifónica S. Martiño de O Grove.
13:00h	Comer do mar.
16:00h	VIII Regata dos Faros de Dornas a vela.
16:30h	Saída o mar do resto das embarcacións.
17:00h	Exhibición de remo con bateis.
17:30h	Actuación do grupo de danzas "A Buxaina" de Coruxo.
19:30h	Actuación do grupo de danzas "Os ventos" de Vigo.
23:00h	Cine na rúa. Proxección do filme "Os homes da Arán".
23:30h	Actuación da cantante solista Paloma de O Ferrol.
00:30h	Actuación do grupo "Xistra" de Coruxo.

DOMINGO, DÍA 6

10:00h	Apertura do recinto. Alboradas e pasarrúas.
11:00h	Talleres para rapaces e rapazas. Visita ás embarcacións. Demostración de oficios artesanais relacionados co mar.
12:00h	Simulacro de salvamento marítimo coa intervención de helicópteros.
13:00h	Comer do mar.
17:00h	Exhibición de embarcacións de radio-control.
18:00h	Danzas mariñeiras interpretadas polo "Rancho Poveiro" da Cámara Municipal de Póvoa do Varzim
19:00h	Acto de clausura
23:00h	Cine na rúa. Proxección do filme "Anuk o Esquimal"

Ciclo de Conferencias
"PATRIMONIO CULTURAL E MEDIO AMBIENTE"
LUGAR: CASA DA TERCEIRA IDADE

Os Ecomuseos,

reflexións e experiencias para a aplicación en Galicia desta forma museística.

Xosé Carlos Sierra, Director do Museo Etnográfico de Ribadavia.

Día 3 ás 20:00 horas.

O Patrimonio Cultural e Ambiental un recurso económico,

a experiencia da Cooperativa de Educación Medioambiental.

Natividade Vázquez Liste, Xerente do CEM, Soc. Coop. Ltda.

Día 4 ás 20:00 horas.

O Patrimonio Cultural e Ambiental un recurso educativo,

a experiencia da Aula Etnográfica e da Aula do Mar de Saians.

Xosé Valtierra. Director da Aula do Mar de Saians.

Día 5 ás 12:00 horas.


CASA DA TERCEIRA IDADE CONFERENCIAS
EXPLANADA NORTE
LONXA E MERCADO
PANTALÁN EMBARCACIÓNS DE ATA 2,80 mts. DE CALADO
CONCELLO
ACTUACIÓNS MUSICAIS
NOVO PEIRAO
CARENADO DE EMBARCACIÓNS
PANTALÁNS FLOTANTES
EMBARCACIÓNS 16 mts. DE ESLORA 1,30 mts. DE CALADO
BOTES, BUCETAS E GAMELAS
DORNAS
CARPA EXPOSICIÓNS DEGUSTACIÓN PRATOS MARIÑEIROS BAR
OFICINA DE INFORMACIÓN E RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES
O Grove

O Grove



Recinto da Mostra
LUGAR "CON DA BESUGA"

Atópase a Oficina de Información na que se pode conseguir toda a información sobre os Encontros, a vila de O Grove, programas de man das actividades, guía Comer do mar, rueiros e a programación día a día de tódolos actos. Nesta oficina deberanse inscribir os rapaces para participar nos talleres que se realizan co obxecto de que coñezan millor a nosa cultura marítima e medio ambiente.
Da Oficina de Información partirán os autobuses para realiza-lo taller "A vida no litoral".

Carpa de exposicións

Exposición "O noso patrimonio marítimo", realizada pola F.G.C.M. na que se fai un percorrido e análise da situación da nosa cultura marítima. Está composta de paneis explicativos, fotografías, debuxos, maquetas, artes de pesca, colección de cunchas e parte da flora vexetal de dunas e praias.
Exposición da bibliografía naútica de Galicia e Portugal.
Por parte da Asociación Amigos da Dorna Meca, realizarase unha exposición monográfica sobre a Dorna Meca, con maquetas, artes de pesca relacionados coa mesma. Con mostra fotográfica do antigo Grove mariñeiro, realizada pola Asociación Xuvenil Siradella.
Talleres para rapazas e rapaces de cordelería, redería e construcción de nasas, dende o día 4 ó 6. O día 5 haberá unha unidade didáctica de montaxe de dúas embarcacións tradicionais (Gamela Poveira e Gamela Coruxeira), para o cal deberán ir provistos de tesouras, pinzas da roupa e pegamento. Os talleres serán impartidos pola tripulación da Lancha Poveira, do Museo Municipal de Etnografía e Historia de Povoa de Varzim, e por membros da Asociación CRAC de Coruxo.
Proxección de vídeos sobre a recuperación de embarcacións, navegación, regatas e cultivos mariños.

No exterior da carpa.

Demostración de oficios tradicionais relacionados co mar, carpintería de ribeira, carenado de embarcacións, construcción de nasas, encascado de aparellos e cordelería e redería.
Mostra sobre a recuperación do "Jandro", galeón en fase de recuperación, que leva a cabo o grupo Etnográfico MASCATO.
Mostra do Club Naval Setubalense, na que se proxectarán vídeos sobre a recuperación do Iate de Setubal e a súa experiencia como centro obradoiro dunha Unidade Didáctica da Natureza, medioambiente e patrimonio marítimo en xeral.
Tamén haberá unha carpa onde estarán á venda pratos da cociña tradicional mariñeira.

III Encontros de embarcacións tradicionais Galicia 97

Mostra embarcacións e navegación:

A partires do Xoves 3 de Xullo ata o domingo día 6 cerca de un centenar de embarcacións daranse cita no porto de O Grove. As embarcacións máis representativas do Patrimonio Galego e do norte de Portugal estarán presentes, formando unha flota de máis de 60 unidades, acompañadas por un grande número de embarcacións clásicas, de regata, crucero e recreo.

O acondicionamento das embarcacións (plan de fondeo e amarre) e o percorrido de navegación foron concebidos para favorece-lo acercamento visual das mesmas ó publico. Nos horarios sinalados poderanse vistita-las embarcacións sempre e cando estén acompañados por menbros das tripulacións.

No recinto da mostra exhibirase información sobre tódalas embarcacións participantes, así como o seu punto de atraque, co obxecto de facilita-lo achegamento a aquelas que máis interese vos desperte nos horarios sinalados para ista actividade.

Varias embarcacións realizarán simulacro das actividades de pesca propias das mesmas dentro da enseada portuaria.

Nestes Encontros destacaremos con especial satisfacción e recoñecemento ás Asociacións responsables, así como á Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación da Consellería de Pesca (que gracias ás axudas económicas que destiña á recuperación das embarcacións tradicionais permite que o noso patrimonio das mesma aumente ano a ano); a participación dunha poderosa flota composta pola meirande parte das diferentes dornas, que existiron ó longo da historia: polbeira, tramalleira, xeiteira,...etc., de construcción de calima, a tope, mixtas, aparelladas con vela de relinga, cangrexa, balandro, marconi, utilizadas segundo o porto base. Todo un espectáculo que nos permitirá establecer parámetros de capacidade e rendemento de grande valía.

O Venres día 4

terá lugar a botadura do "RACU", embarcación de vela de martelo e remos, de 6 metros de eslora, adicada á pesca que foi recuperada iste ano pola Asociación de Amigos da Dorna Meca, a continuación o resto das embarcacións acompañarán a esta na súa primeira singladura.

As 22 horas o Patronato Local da "Festa do Marisco" e Turismo fará entrega dun obsequio conmemorativo dos III Encontros a cada tripulación das embarcacións participantes e colaboradores. A continuación estas serán convidadas pola Cofradía de Pescadores e Amegrove (Asociación de Mexiloeiros de O Grove) a unha pantagruélica cea.

O Sábado día 5

celebrarase a VIII regata dos "FAROS" de dornas a vela na que participarán unhas 50 dornas.

Trala saída da regata e do resto das embarcacións, ás 17 horas os clubes de remo Mecos e Amegrove realizarán unha exhibición de remo en bateis coa intención de amosar ó público as embarcacións que son utilizadas para o inicio na navegación de banco fixo.

Por motivo da partida dalgunha embarcación o domigo de madrugada, o sábado ás 21:30 farase entrega do trofeo "BRAVOZULU" (BEN - FEITO) resultante da combinación "mellor barco", co "mellor espíritu" e a "mar de cousas". Este trofeo será otorgado por votación de tódalas tripulacións.

As 12 do Domingo día 6

realizarase un simulacro de salvamento marítimo no que intervendrá un Helicóptero e a Dorna meca e a súa tripulación con lanzamento de señais e rescate de accidentados polo helicóptero; con tal motivo se realizará unha exposición de material de seguridade.

Nos horarios adicados á demostración e exhibición de oficios relacionados co mar realizaranse operacións do tratamento efectuado ás dornas antes de que foran pintadas, construcción de nasas, encascado dos aparellos e unha demostración de como se fabricaban os cabos.

ENTRE EL BOSQUE ...

... Y EL MAR

MÁIS INFORMACIÓN EN INTERNET:
http://www.galinor.es/hpontev/bosque.html

36988 - Reboredo, 93 - O GROVE - Pontevedra (España)
Telf. (986) 731055 (4 líneas) - Fax. (986) 730512

HOTEL *** Bosque Mar

ENTIDADES ORGANIZADORAS:

AMIGOS DA DORNA MECA
O GROVE

FUNDACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARIÑEIRA

MUSEO DO POBO GALEGO

ENTIDADES COLABORADORAS:

Portos DE GALICIA

SERVICIO DE MEDIO AMBIENTE NATURAL

Centro de Interpretación
A Siradella de O Grove

Confraría de Pescadores de O Grove
Asociación Xuvenil Siradella
Club Remos Mecos
Club de Piragüismo Breogan
Club de Remo Amegrove
K2 Kayak Club
Candea (Asociación de Ensinentes do Salnes)
Club Náutico Cantodorxo
Protección Civil
Cruz Vermella do Mar

OFICINA DE INFORMACIÓN:

Oficina de Información Xuvenil
Concello de O Grove
Telf.: 986-73 09 58 • Fax: 986-73 13 58
Praza do Congo, 1
36980 O GROVE

PATROCINADORES:

PATRONATO LOCAL DA FESTA DO MARISCO E TURISMO

CONCELLO DE O GROVE

CONCELLERÍA DE CULTURA
CONCELLO DE O GROVE

DEPUTACION PONTEVEDRA